

As instalacións de OZOCogz no Carballiño acollerán pasadomañá a presentación do libro 'Patrimonio lúdico galego. Investigación, recursos e divulgación dos xogos tradicionais', un volume que reúne, por vez primeira, unha extensa nómina de artigos de investigación sobre o tema. **Texto Antón Escuredo**

# 'Patrimonio lúdico galego' divulga os estudos máis recentes sobre xogos tradicionais

A obra actualiza a información procedente de investigadores e investigadoras ademais de facilitar recursos e ferramentas prácticas

**O** Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego, unha iniciativa impulsada polo Consello da Cultura Galega (CCG) e a rede Brinquedia, na súa función de investigar, protexer e difundir os xogos e deportes tradicionais da Galiza, presentará a obra *Patrimonio lúdico galego: investigación, recursos e divulgación dos xogos tradicionais*, coordinada por Silvia López Gómez, Apolinar Varela e Manuela Vázquez Coto. Até o Carballiño desprazaranse o mestre e membro fundador da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT), Paco Veiga; o educador do Centro de Cultura Popular 'Xaquín Lorenzo' da Deputación de Ourense, Lito Prado, e o Presidente de Brinquedia-Rede Galega do Xogo Tradicional, Xosé Manuel Barreiro Insua.

O libro recolle unha serie de traballos de expertas e expertos coa idea de salvagardar os xogos e xoguetes como parte esencial

do patrimonio inmaterial. Os seus eixes principais afondan na investigación, recollendo testemuñas e prácticas de todo o territorio. Recursos e, ademais, a posibilidade de ter ferramentas prácticas e metodolóxicas para integrar o xogo tradicional no ámbito educativo e social.

## Coordinación da obra

A investigadora Silvia López Gómez foi unha das encargadas de estruturar o libro que conta con catro bloques que comezan cunha introdución para rematar coas propostas de divulgación. "Contamos con material facilitado polas diversas entidades que participaron neste proxecto editorial e tivemos que acurtar algunha das colaboracións polo seu excesivo tamaño", asegura a *Nós Diario*.

López Gómez aclara que deste libro sobre xogos se imprimiron un total de só 300 exemplares (case esgotados) polo que asegura que "a persoa que puidese conseguir un exemplar impreso está de noraboa ou ten sorte, xa

que ten na súa posesión unha obra de edición limitada e única no mundo".

## Investigar e recuperar

"É o primeiro traballo deste tipo que se publica dirixido para investigadores e investigadoras, algo que facía moita falta", indica a *Nós Diario* Paco Veiga. A iniciativa, para este mestre, é a continuidade "lóxica" do proceso de recuperación e divulgación dos xogos tradicionais. "Levamos uns anos nos que se realizaron moitos traballos de investigación serios que se puxeron a analizar o xogo tradicional como parte fundamental da nosa cultura e non viran aínda a luz", afirma.

O propio Veiga foi o autor, en 1998, da primeira tese de doutoramento sobre o xogo tradicional desde unha perspectiva global. "Daquela non había medios nin para recoller toda a información de actividades de recuperación nestes últimos anos", reconece. Por iso o primeiro paso foi a creación dunha páxina web do



Asociación Boca do Monto



Nós Diario

**Arriba, bolos en Angueiros, Montefurado (Quiroga). Abaixo, lanchas de xunco no libro. Á dereita, actividade en Melide.**

Observatorio que conta, a día de hoxe, con máis de 200 recursos sobre xogo tradicional.

O libro actualiza a información do Observatorio e pon sobre o papel "estudos e, sobre todo, referencias para quen queira investigar máis poida contar con esta información". Esta edición, para Veiga, precisaría "continuar" no futuro para engadir máis contidos que non entraron por causas diferentes. "Tivemos que facer moita escolla e aparece só un tipo de birlos e de chave ademais que non fomos quen de que a Federación Galega de Deporte

**"TIVEMOS QUE FACER MOITA ESCOLLA DE ARTIGOS", ADMITE PACO VEIGA**

## "A LINGUA DO XOGO É UN GRAN PATRIMONIO", DI LITO PRADO



Nós Diario

**Paco Veiga**  
Membro da AGXPT  
"Procuramos facer unha obra na que os futuros investigadores poidan ter máis material informativo"



Nós Diario

**Lito Prado**  
Educador  
"O noso papel é descubrirlles [aos alumnos e ás alumnas] os xogos por ter rachado a transmisión oral"



Nós Diario

**Silvia López**  
Profesora da USC  
"Contamos con material facilitado polas diversas entidades que participaron neste proxecto editorial"

Autóctono escribíse un capítulo sobre a institucionalización do xogo e non conseguimos unha colaboración sobre a billarda", relata este investigador.

### Divulgar e espallar

Nesta edición participa tamén o Centro de Cultura Popular 'Xaquín Lorenzo' a través do educador Lito Prado. A súa achega parte da experiencia de 21 anos de difusión dos xogos tradicionais en máis de 60 centros de ensino público. "Levamos os xogos aos rapaces e ás rapazas de primaria e secundaria adap-

tando o seu funcionamento para cada idade", sinala a *Nós Diario*. A petición vén do profesorado segundo a demanda do alumnado de cada centro. Prado xa ten analizado algunha ocasión por zonas xeográficas cales son as máis demandadas. "En Valdeorras, por exemplo, piden moito os bolos por ser algo que se conservou na comarca e tamén ten moito éxito a billarda polos abertos que organiza a Liga Galega de Billarda", pon como exemplos Prado. "O noso papel é descubrirlles eses xogos por ter rachado a transmisión oral dos

mesmos", agrega. Sobre o libro, pon o foco na cantidade de artigos ten, 37 en total. Entre o máis significativo deste traballo, este educador fala daqueles xogos que están "case desaparecidos e que hai quen busca sacalos á luz". Neste sentido, non esquece "os recursos" que aparecen nunha apartado da publicación. "Ten que saberse que no país hai varios museos do xoguete e o xogo, que contamos con moitas iniciativas que traballan para levar a cada recuncho esas formas de diversión que forman parte do noso patrimonio", conclúe.

### O Observatorio

## A historia da recuperación dos xogos tradicionais

A. E. | Nós Diario

**A** investigación e a posta en valor do patrimonio lúdico como patrimonio cultural galego comezou coa Xeración Nós aínda que antes, no século XVIII, Frei Martín Sarmiento estudou xogos e, no século XIX, Marcial Valladares tamén os estudara. "O primeiro estudo é de Vicente Risco e aparece na obra *Terra de Melide*", lembra a *Nós Diario* Paco Veiga.

Esa etapa, que no mundo da investigación denominaron "etnográfica", mudou coa morte do ditador Francisco Franco. "Sempre houbo clubs e practicáronse xogos como os bolos ou a chave ademais de continuar presentes os xogos infantís mais a partir dese momento comezaron a recompilarse", explica este mestre.

### Papel do Observatorio

Nos anos 90 comezou outra etapa na que se deseñaron estratexias de investigación e de divulgación. "Non foi doado e decidiuse crear o Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego que conta, na actualidade, con nove investigadores a nivel individual e nove colectivos", sinala Veiga.

No traballo realizado até agora non só se recuperan xogos senón tamén o léxico que traen consigo. "A lingua relacionada co xogo é un gran patrimonio que hai que conservar, a creación de léxico propio é unha parte importante do xogo", conclúe Lito Prado.